



# Fagámoslle fronte á crise!

A carestía da vida está a causar unha importante deterioración nas condicións de vida da clase traballadora e da maioría do pobo galego. A inflación e os altos prezos agravan a perda do poder adquisitivo dos salarios e das pensións, mentres a banca e as eléctricas obteñen millónarios beneficios alimentando a especulación.

A precariedade avanza coa nova reforma laboral, estendéndose os baixos salarios e a inestabilidade laboral. Os contratos fixos descontinuos, a tempo parcial, as ETT ou os ERTE permanentes estenden a pobreza laboral e provocan que ter traballo non garanta uns mínimos ingresos cos que vivir dignamente.

A suba dos xuros polo BCE e o medre meteórico das hipotecas, xunto aos anuncios de novos plans de axuste, son as únicas respostas da UE, aplicadas de forma entusiasta polos Gobernos nos orzamentos públicos. Máis doses de neoliberalismo imposto a través dos envelenados fondos europeos, que incrementan o endebedamento público e son un descarado plan de axuste para o conxunto dos pobos, con recortes de gasto público e duras reformas económicas, laborais e sociais.

Os tan cacarexados Next Generation, por riba mal xestionados polos Gobernos e destinados ás grandes empresas, non chegan á economía real, ao verdadeiro tecido produtivo que crea emprego.

En Galiza, importantes comarcas, sectores produtivos e industriais agonizan, desmantelados e pagando as consecuencias da dependencia económica e política da nosa nación ao sistema español e ás decisións que toma a UE. Como se estivésemos ante unha maldición histórica, parece que só

podemos ter emigración e PP. Décadas do PP na Xunta deixaron un país desmantelado, que abraza un turismo sen control e desordenado, onde aumenta a desigualdade, o empobrecemento, a privatización de servizos públicos e onde se nega o dereito a unha vivenda digna.

Levamos anos reclamando unha transición galega xusta, pero o que temos é demolición, metidos de cheo nun novo proceso de colonización e depredación dos nosos recursos, con



consecuencias económicas e sociais irreparábeis, mentres seguimos con altos prezos de electricidade, pobreza enerxética, camiño da desertización social e industrial, sen emprego, cunha caída constante da poboación ocupada e cada vez máis avellentada.

O resultado das eleccións xerais e o feito de o PP non poder conformar goberno obríganos a ser tan exigen-

tes e reivindicativos cun hipotético Goberno de PSOE-SUMAR, como o somos para combater a dereita e a ultradereita. Non serve de nada auto-proclamarse "progresista" se non se fan políticas que procuren a xustiza social. Esa renuncia é a que fai medrar o populismo e a ultradereita.

Se as forzas sociais e políticas soberanistas fomos a chave para frear o avance do PP e VOX, agora debemos selo para transformar a realidade e forzar os cambios nas políticas do Goberno para podermos recuperar os dereitos e ter un futuro digno na nosa Terra.

Desde a CIG chamamos a loitar con máis forza porque a mobilización e o conflito son o camiño para avanzar, conseguir dereitos e seguir desde Galiza liderando os maiores incrementos salariais do Estado. As últimas folgas do convenio galego de ambulancias, do metal en Lugo e Pontevedra ou do comercio de alimentación en Pontevedra, así o demostran.

Estamos chamados e chamadas ao conflito ante a patronal, na negociación colectiva e para impedir a aplicación do V AENC e a moderación salarial, pero tamén ante os Gobernos galego e central, para que se aproben medidas de intervención pública na economía e nos sectores estratéxicos.

Cómpre un verdadeiro Plan de Choque urxente para frear os efectos devastadores dos altos prezos e afrontar unha saída galega xusta da crise, como desde a CIG reclamamos desde hai meses. Temos que nos mobilizar para facer fronte a esta situación, porque está en risco que desde a clase traballadora galega paguemos, máis unha vez, esta nova crise, como pasou coas crises anteriores.

**PARTICIPA NAS ASEMBLEAS DE DELEGADOS/AS  
DA CIG NAS SETE COMARCAS O 4 DE OUTUBRO!**

# Metal e comercio de alimentación de Pontevedra e o sector de ambulancias logran importantes melloras

As recentes mobilizacións en sectores tan relevantes como o galego de ambulancias e os provinciais do metal e do comercio de alimentación de Pontevedra evidencian unha vez máis a importancia da loita obreira para a consecución de melloras laborais, nesta ocasión coa sinatura de convenios que manteñen o poder adquisitivo e reducen a xornada.

Co seu papel protagonista nestes conflitos a CIG foi quen de rachar o marco de moderación salarial que impón o V AENC pactado a nivel estatal entre a patronal e CCOO e UGT, logrando que Galiza siga a liderar os maiores incrementos de soldos do Estado. Nos tres casos os acordos chegaron despois de intensas xornadas de folga e de protestas, nalgúns casos desenvolvidas en solitario pola CIG.

No transporte sanitario garantiuse a recuperación e o mantemento do poder adquisitivo, mais tamén se melloraron as condicións laborais ao ampliar as coberturas das baixas ou reducir a xornada de traballo anual.

Con incrementos salariais do 5% para 2023, 4% para 2024 e 4,5% para 2025. Ademais, a final de convenio farase unha revisión ao IPC, sumando as diferenzas dos tres anos máis dous puntos, que se incorporarán a táboas do seguinte exercicio. Tamén se aumentaron a práctica totalidade dos complementos e das dietas, así como o traballo en domingos e festivos.



A redución da xornada laboral é de 8 horas para 2024 e 16 horas para 2025. Ademais, aquelas persoas que traballen de noite verán reducida a súa xornada outras 24 horas en 2025.

### Convenio do metal

O convenio do metal tamén garante o poder adquisitivo e frea o recorte de dereitos que pretendía a patronal. Ademais da suba do 3% cada ano de vixencia, introdúcese unha cláusula de revisión até dous puntos por riba do pactado e xerando atrasos retroactivos dende o 1 de xaneiro. A actualización salarial, de quedar os incrementos acordados por baixo do IPC anual, será de até o 2%, rachando así o recollido V AENC, que limita a revisión ao 1%.

Na xornada laboral logrouse unha redución de 16 horas (8 horas en 2024 e 8 en 2025, sendo a xornada anual dese ano de 1760 horas), mentres que as vacacións incrementáanse nun día laborábel, sendo 23 en total. Así mesmo,

conseguíronse melloras nas licenzas e establecer un plus de dispoñibilidade que até agora non existía.

No comercio de alimentación a suba salarial total será dun 13% nos catro anos de vixencia do acordo, con cláusula de revisión a IPC real e con carácter retroactivo. Trátase dun convenio a catro anos con subas do 5% en 2023, 3% en 2024, 3% en 2025 e 2% en 2026, con cláusula de revisión para cada un dos anos con carácter retroactivo, cando o IPC supere estas cantidades.

Tamén se pactou un día máis de vacacións e dous sábados libres ao ano, así como catro días de libre disposición, e modificouse a concorrencia de convenios para que os propios teñan os mesmos salarios que o provincial. Fixouse o comezo das licenzas en días laborábeis e incorporáronse as licenzas de 15 a 30 días, sen remunerar, para casos especiais. E introduciuse a promoción da categoría de auxiliar administrativo/a á de oficial administrativo/a.

## O persoal do sector de eventos irá á folga polo convenio

O sector de eventos convocou unha xornada de folga para o 15 de setembro diante da intransixencia da patronal na negociación do convenio. O paro afectará a teatros, museos, acuarios, centros cívicos e ao resto de eventos culturais. Nesa mesma data haberá unha concentración na Cidade da Cultura en Santiago ás 12:00 horas, coincidindo coa xuntanza dos ministros europeos de Economía e América Latina.

Os sindicatos denuncian que AGEM, Escena Galega e AGATEC "queren impor un modelo de industria precaria a custo da dispoñibilidade e a flexibilidade das traballadoras e traballadores", so pretexto das "particularidades do sector, provocando un retroceso nos dereitos recoñecidos internacionalmente a calquera persoa traballadora de calquera sector.

As demandas da parte social son "sinxelas, lóxicas e lexítimas: limitación da xornada a 12 horas máximo en situacións excepcionais e descanso mínimo de 12 horas entre xornadas". De xeito que non se pretende unha suba salarial nin privilexios para os profesionais, senón que a patronal equipare os profesionais do sector coas persoas traballadoras de calquera industria, cunhas xornadas e descansos similares.



# A sanidade privada da provincia da Coruña, en pé por un convenio xusto

A CIG, CCOO e UGT anunciaron a convocatoria de mobilizacións pola negociación dun convenio colectivo digno na sanidade privada da provincia da Coruña. As centrais demandan para o persoal do sector salarios e xornadas xustas e rexeitan a perda de dereitos laborais. Por iso desenvolverán unha campaña de protestas que se desenvolverán diante dos principais centros hospitalarios.

O novo convenio comezou a negociarse en decembro de 2022 e a CIG, UGT e CCOO presentaron, de xeito conxunto, unha proposta na que se contemplaban, entre outras cuestións, reducir o número de horas de xornada anual, actualizar as táboas salariais e remunerar os domingos traballados. Porén, a resposta da patronal foi poñer enriba da mesa a perda de dereitos nos trienios e a redución do salario que percibe o persoal cando está de baixa.

Non hai que esquecer que a sanidade privada é un sector moi feminizado, tal e como ocorre, en xeral, no sector de coidados. Por iso as mulleres son as máis prexudicadas por esta situación ao seren as que, na súa maioría, ocupan postos de auxiliares,



persoal de limpeza, enfermaría ou todo o persoal das clínicas dentais, por exemplo.

Ao que hai que sumar que o convenio nin sequera está actualizado, de forma que seguen figurando moitos dos salarios con cantidades inferiores ao SMI, malia o último incremento que se lle aplicou. “O que transmiten as compañeiras/os é que todos os convenios se foron actualizando, pero que vén como o seu está a quedar atrás, unha vez máis”, denuncia o representante da sanidade privada da CIG-Saúde, Miguel Tizón.

Manter estes baixos salarios está a provocar que a propia patronal do sector teña dificultades non só para atopar, senón mesmo para afianzar profesionais na sanidade privada.

Por todo isto, as centrais optaron por convocar unha campaña de mobilizacións que dará comezo o vindeiro 20 de setembro cunha concentración diante da clínica Quirón da Coruña e continuará o 27 de setembro no centro médico A Rosaleda de Santiago, o 4 de outubro no hospital Juan Cardona de Ferrol e o 11 de outubro no HM Modelo da Coruña.

## Os bombeiros/as dos parques comarcais demandan unhas condicións de traballo dignas

Os bombeiros/as dos parques comarcais galegos manteñen unha folga indefinida dende o pasado 15 de xuño, tempo no que deixaron de facer horas extras e desenvolveron distintas mobilizacións, para reclamar un convenio único que dignifique as condicións laborais dos 500 traballadores/as que integran o servizo.

Demandan das administracións que fixen un calendario de negociacións para igualar as condicións de traballo de todos/as os bombeiros de Galiza e que se cumpra coa sentenza do TSXG que lles recoñece como persoal laboral fixo.

A representación do persoal ten elaborado un texto de convenio para dignificar e unificar as condicións do colectivo (tal e como marca a Lei de Emerxencias de Galiza), xa que agora mesmo, segundo explica Ángel Moldes, delegado da CIG e voceiro da mesa intersindical, “hai sete convenios diferentes, con condicións moi dispares”. Esta falta de harmonización deriva da planificación dos parques comarcais, cuxa xestión fora entregada no seu día a empresas privadas.

Esta privatización levou a un deterioro manifesto do servizo, e tras unha dura loita sindical as administracións responsábeis

(Xunta e Deputacións) recuperaron a xestión dos parques a través dos Consorcios Provinciais, mais sen unificar as condicións de traballo nin melloralas.

En consecuencia, os bombeiros/as padecen unhas condicións de auténtica precariedade, con salarios de miseria e cunha carga de traballo excesiva. “Queremos saír da pobreza na que nos sumiu a xestión indirecta das emerxencias. Arrastramos condicións de traballadores/as de empresa e non se nos recoñece nin nocturnidade nin perigosidade, nin nada. Reclamamos negociar unha RPT que valore o noso posto como é debido”.

# Mobilizacións e ameaza de folga no ensino se non se reducen a carga lectiva e as ratios

O profesorado galego sitúase como o colectivo docente con maior horario lectivo do Estado. As avultadas ratios non se reducen, malia a leve caída da matrícula pola diminución da poboación escolar, e tampouco diminúe a burocracia, que condiciona o traballo diario do persoal docente.

Por iso, co inicio de curso, a CIG-Ensino vén de trasladar a Consellaría de Educación a “exixencia clara e irrevogábel” de que, “ou hai unha proposta negociadora enriba da mesa antes de rematar o mes de setembro, para reducir a carga lectiva do profesorado, acometer a redución de ratios e rebaixar as tarefas burocráticas, ou o profesorado terá claro que ante o reiterado desprezo por parte dos responsábeis políticos da Consellaría só cabe a mobilización”. A CIG-Ensino está disposta mesmo a convocar folga, buscando, en todo caso, o maior grao de unidade sindical e de resposta social do profesorado posíbel.

## Primeira mobilización

O propio día 11 de setembro, data de comezo de curso, o sindicato xa se mobilizou no CEIP Camiño Inglés en Oroso, cunha concentración coincidindo coa acto de inauguración do ano escolar, ao que asistiron desde o presidente da Xunta de Galiza, Alfonso Rueda até a Ministra de Educación, o Conselleiro de Educación ou a Raíña Leticia Ortiz, para amosarlles o fastío do profesorado galego por ser o último en recuperar os dereitos recortados de todo o Estado español.

A CIG-Ensino demanda recuperar o horario lectivo de 18 e 21 horas, xa que en infantil e primaria está en 25 horas e en 20 horas no resto dos niveis educativos. Unha medida que redundaría na mellora das condicións



de traballo, no reforzo da coordinación pedagóxica e na propia atención educativa do alumnado.

Exixe que se reduzan legalmente as ratios para chegar a 15 alumnos/as en Infantil, 20 en Primaria e 25 na ESO e o Bacharelato; que se teña en conta o alumnado repetidor e con necesidades educativas para reducir a ratio ordinaria; limitar o alumnado ao que ten que atender cada docente, evitando situacións como as actuais, nas que unha mesma persoa dá clases mesmo a 200 alumnos/as diferentes e a autorización de desdobres en determinadas materias lingüísticas e de ámbito tecnolóxico.

Reclama ademais a ampliación da oferta educativa na rede pública, evitando o peche de unidades e a supresión de profesorado, como vén de acontecer con 60 unidades pechadas e a supresión de 89 mestres e mestras. Mais tamén demanda a limitación do número total de alumando que pode ser agrupado en aulas con diferentes niveis educativos e a redución, ao mínimo imprescindible, do número de alumnos/as de unitarias para manter os centros abertos, “sempre

de acordo coa opinión das familias e coa previsión a medio prazo da evolución da poboación infantil na zona de influencia”.

Respecto da burocracia, o sindicato denuncia o seu preocupante incremento e demanda a ampliación de postos de traballo de persoal non docente en todos os centros, como tamén denuncia a aposta da Consellaría polo ensino a distancia, en detrimento do presencial, coa redución unilateral da oferta presencial na FP en contra do criterio da comunidade educativa.

Inestabilidade laboral e precariedade

A CIG-Ensino denuncia ademais a elevada

inestabilidade laboral, cunha porcentaxe de persoal interino por riba do 8%, o que eleva a un total de 2.670 o número de docentes con esta modalidade contractual. Xunto a isto apunta que seguen en máximos as cifras de profesorado que imparte materias afíns, isto é, que non son as propias da súa especialidade e que até un 50% das persoas que son orientadoras, en centros de infantil e primaria, con destino provisional, son itinerantes.

**A CIG reclama a ampliación da oferta educativa na rede pública, evitando o peche de unidades e a supresión de profesorado.**